

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

RESOLUCIÓN do 20 de maio de 2024 pola que se publica a adxudicación definitiva de centros docentes privados concertados dependentes desta consellería para participar no programa de inmersión lingüística activa en lingua inglesa, Spring Week, dirixido ao alumnado de sexto curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria durante o curso 2023/24 (código de procedemento ED531F).

Con data do 19 de abril de 2024 publicouse no portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a resolución provisional de centros docentes seleccionados e non seleccionados, xunto coas quendas correspondentes. Abriuse un prazo de cinco (5) días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias ante a Presidencia da Comisión, de acordo co establecido no artigo 15, puntos 1 e 2, da Orde do 29 de xaneiro de 2024.

Unha vez transcorrido o prazo de reclamacións ou renuncias, e segundo os termos do establecido no artigo 16 da Orde do 29 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regula o réxime de axudas a centros docentes privados concertados dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para participar no programa de inmersión lingüística activa en lingua inglesa, Spring Week, dirixido ao alumnado de sexto curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria durante o curso 2023/24,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar e facer pública a resolución definitiva dos centros docentes seleccionados e non seleccionados.

Segundo. Publicar esta resolución definitiva no portal da internet da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Terceiro. Contra a resolución definitiva, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da



Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2024

O conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional
P.D. (Orde do 29.7.2022)
Manuel Vila López
Secretario xeral técnico da Consellería de Educación,
Ciencia, Universidades e Formación Profesional

ANEXO

Centros seleccionados Spring Week 2024

Código	Centro	Concello	Provincia	Curso	Alumnado	Quenda
15015548	CPR Plurilingüe Divino Maestro	Santiago de Compostela	A Coruña	4º ESO	18	26 maio-1 xuño
36011518	CPR Plurilingüe Mercantil	Vigo	Pontevedra	4º ESO	21	26 maio-1 xuño
36002323	CPR Plurilingüe Nuestra Señora de Lourdes	A Estrada	Pontevedra	4º ESO	13	26 maio-1 xuño
27006322	CPR Plurilingüe La Inmaculada	Lugo	Lugo	3º ESO	25	26 maio-1 xuño
36018033	CPR Plurilingüe Vigo	Redondela	Pontevedra	3º ESO	23	26 maio-1 xuño
36004514	CPR Plurilingüe La Inmaculada	Marín	Pontevedra	3º ESO	25	26 maio-1 xuño
15004265	CPR Plurilingüe Liceo La Paz	A Coruña	A Coruña	2º ESO	25	2 xuño-8 xuño
32008410	CPR Plurilingüe Santo Ángel	Ourense	Ourense	2º ESO	25	2 xuño-8 xuño
36009123	CPR Plurilingüe María Inmaculada	Silleda	Pontevedra	2º ESO	25	2 xuño-8 xuño
36016115	CPR Plurilingüe Eduardo Pondal	Cangas	Pontevedra	1º ESO	25	2 xuño-8 xuño
15003200	CPR Plurilingüe Manuela Rial Mouzo	Cee	A Coruña	1º ESO	25	2 xuño-8 xuño
32016194	CPR Plurilingüe Guillelme Brown	O Pereiro de Aguiar	Ourense	6º EP	25	9 xuño-15 xuño
36011361	CPR Plurilingüe San José de la Guía	Vigo	Pontevedra	6º EP	18	9 xuño-15 xuño
27006437	CPR Plurilingüe San José	Lugo	Lugo	6º EP	25	9 xuño-15 xuño
27004465	CPR Plurilingüe Nuestra Señora del Pilar	Foz	Lugo	6º EP	18	9 xuño-15 xuño
15015366	CPR Plurilingüe Casa do Neno	Santiago de Compostela	A Coruña	6º EP	19	9 xuño-15 xuño
15015524	CPR Plurilingüe Vilas Alborada	Santiago de Compostela	A Coruña	6º EP	17	9 xuño-15 xuño
15014520	CPR Plurilingüe Galaxia	Ribeira	A Coruña	6º EP	25	9 xuño-15 xuño



Centros non seleccionados Spring Week 2024

Código	Centro	Concello	Provincia	Curso	Alumnado	Quenda
36010216	CPR Plurilingüe Divino Salvador	Vigo	Pontevedra	3º ESO	25	26 maio-1 xuño
36004526	CPR Plurilingüe San Narciso	Marín	Pontevedra	3º ESO	25	26 maio-1 xuño
15004083	CPR Plurilingüe Compañía de María	A Coruña	A Coruña	2º ESO	25	2 xuño-8 xuño
36007527	CPR Plurilingüe La Inmaculada	Ponteareas	Pontevedra	2º ESO	25	2 xuño-8 xuño
36001008	CPR Plurilingüe Compañía de María	Cangas	Pontevedra	2º ESO	25	2 xuño-8 xuño
36011491	CPR Plurilingüe Possumus	Vigo	Pontevedra	2º ESO	25	2 xuño-8 xuño
36000351	CPR Plurilingüe Virgen Milagrosa	Bueu	Pontevedra	1º ESO	20	2 xuño-8 xuño
36012468	CPR Plurilingüe San Francisco	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	1º ESO	25	2 xuño-8 xuño
36011211	CPR Plurilingüe San Miguel 2	Vigo	Pontevedra	1º ESO	24	2 xuño-8 xuño
36010435	CPR Plurilingüe El Castro	Vigo	Pontevedra	6º EP	25	9 xuño-15 xuño
36024057	CPR Plurilingüe Bouza Brey	Vigo	Pontevedra	6º EP	24	9 xuño-15 xuño
15007230	CPR Ntra. Sra. del Carmen	Fisterra	A Coruña	6º EP	9	9 xuño-15 xuño
36007515	CPR Plurilingüe Santiago Apóstol	Ponteareas	Pontevedra	6º EP	23	9 xuño-15 xuño
15010769	CPR Plurilingüe Maria Assumpta	Noia	A Coruña	6º EP	25	9 xuño-15 xuño
32008513	CPR Plurilingüe Santa Teresa de Jesús	Ourense	Ourense	6º EP	25	9 xuño-15 xuño
36016097	CPR Plurilingüe Montesol	Vigo	Pontevedra	6º EP	25	9 xuño-15 xuño
36011750	CPR Plurilingüe Don Bosco	Vigo	Pontevedra	6º EP	25	9 xuño-15 xuño
32002973	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón	O Carballiño	Ourense	6º EP	22	9 xuño-15 xuño
36014209	CPR Plurilingüe Andersen Aungalonga	Vigo	Pontevedra	6º EP	25	9 xuño-15 xuño

